

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2018, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se determina o inicio dos procedementos de nomeamento de persoal emérito.

A Orde do 27 de outubro de 2010 pola que se desenvolve o procedemento para o nomeamento e prórroga de persoal emérito no ámbito sanitario, establece no seu artigo 2 que, mediante resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, se habilitará un prazo para a presentación das solicitudes de nomeamento de persoal emérito polas corporacións e institucións públicas relacionadas co ámbito sanitario, se sinalará o momento en que as xerencias de xestión integrada deberán iniciar os procedementos para o nomeamento de persoal emérito e, por último, se especificará o número de persoas que poderán ser nomeadas persoal emérito.

En desenvolvemento da dita previsión,

RESOLVO:

Primeiro. As xerencias de xestión integrada deberán iniciar, se é o caso, os procedementos para o nomeamento de persoal emérito na data de entrada en vigor desta resolución.

Segundo. As corporacións e institucións públicas relacionadas co ámbito sanitario poderán presentar solicitudes de nomeamento de persoal emérito no prazo de dez (10) días, contados desde a entrada en vigor desta resolución, ante a Xerencia de Xestión Integrada que corresponda ao posto de traballo que desempeñaba antes da súa xubilación a persoa cuxo nomeamento se solicita.

Terceiro. Determinar que o número de persoas que poderán ser nomeadas persoal emérito ao abeiro desta resolución será de unha.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente do Servizo Galego de Saúde

